



Solórzano, José Antonio,
Hermann Hesse, el obstinado,
Knauf, Zaragoza 2012. 470 páx.
Expresarte.

Magnífico libro que celebra o 50 aniversario da morte deste alemán universal. José Antonio Solórzano, que dedicou a Hermann Hess a súa tese doutoral, introdúcenos cunha obra de moi bela feitura no universo de Hermann Hess. O libro reborda da paixón de Solórzano por un dos autores máis lidos da historia, premio Nobel de Literatura en 1946. Ilustrado con belas acuarelas do propio Hess, editado en tapa dura e acompañado dun CD con máis obra pictórica de Hess e a tese doutoral do autor, é un libro dirixido especialmente á xente moza, como case todas as obras da editorial Khaf.

Martínez Camino, Silvia,
Caminar por lo sagrado. Los espacios sagrados en las religiones,
Knauf, Zaragoza 2012. 160 pág.
Expresarte.

Silvia Martínez Camino é doutora en educación, bacharel en teoloxía, arquitecta técnica e conservadora e restauradora de bens culturais. Neste libro, pródigo en imaxes, analiza os espazos sagrados nas relixións, lugares de apertura ao infinito que nos fan despregar a nosa capacidade de intuír a inmensidate da divindade no noso corazón.

Rubio Fernández, Juan,
Hubo una vez un Concilio. Carta a un joven que no conoció el Vaticano II, Ed. Khaf, Zaragoza 2012. Expresiones.

O autor, Juan Rubio Fernández, sacerdote diocesano, xornalista e director da revista *Vida Nueva* propón, de xeito epistolar, un achegamento ao Concilio Vaticano II, o que foi, supuxo e é hoxe, para as persoas mozas, que non o viviron e non gardan memoria del.